

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, FILLO PREDILECTO DE PARADELA

O Concello de Paradela, como a institución que está máis de preto de todos os seus habitantes, hónrase honrando a aqueles dos seus membros que presentan características especiais de esforzo, dedicación e saber, e destacan nos diversos eidos da actividade humana.

Temos a catro dos nosos conveciños declarados fillos predilectos, destacados no mundo do deporte (Diego López), da educación (Ángel Fernández), da música e do social (Xesús Mato), e no da escrita e amor á terra: Manuel Rodríguez López.

É tan singular o papel cultural e literario de Manuel Rodríguez López, que para proporcionar aos que non o coñezan unha visión cabal da súa vida e obra teño que recomendar se adentren neste libro, para -a través de medio cento de traballos de amigos e admiradores, de compañeiros escritores e devotos do seu labor e do seu papel vital- coñecer cales foron as razóns que moveron ao Concello de Paradela a acordar por unanimidade declaralo Fillo Predilecto, darlle o seu nome á Casa da Cultura, e instituír un Certame Literario no ano 1996, que ten acadado un singular nivel, malia a súa modesta dotación económica, que fai chegar a Paradela en cada convocatoria preto dun milleiro de traballos, de Galicia, do resto de España, e da América hispana.

Que este libro vexa a luz é unha proba máis da importancia e vixencia dun escritor, que nos deixou fisicamente en 1990, pero literaria e espiritualmente segue vivindo entre todos os que disfrutamos da súa amizade, e os milleiros de persoas que agora se achegan a el a través da súa web (www.manuelrodriguezlopez.org), da súa obra editada e recollida integramente en internet, do certame literario que leva o seu nome, e da exposición itinerante que viaxa por España e Portugal difundindo a súa figura.

Como Alcalde de Paradela, comprácame abrir esta publicación homenaxe ao noso Fillo Predilecto, invitando a todos a adentrarse nas súas páxinas para mellor coñecer a vida e a obra dun home familiar, garimoso, entregado, ao que temos por modelo de paradelense culto e exemplar.

José Manuel Mato Díaz
Alcalde de Paradela